

## APUNTES SOBRE O CARLISMO LUGUÉS (1872-1876)

Luis Rodríguez Rodríguez

### RESUMO

O artigo que segue é unha chamada de atención para unha tendencia historiadora que tende á uniformidade, tanto no tema do carlismo coma en tantos outros problemas galegos. O carlismo vése prácticamente coma unha alongación do problema vasco e más catalán cando realmente, polas circunstancias históricas de Galicia, ha ser radicalmente distinto. Dos tres principios que definiron ó carlismo –trono, altar e fueros– ó pobo galego de entón, pobre e analfabeto, non lle interesaba ningún, pero de ter algúna querencia sería polo altar e mailo trono, dos fueros non sabía nada. Non pretendemos afondar na cuestión, senón, como decimos, alertar sobre o pouco rigor que representa a uniformidade, tanto no tema do carlismo coma en calquer outro, tendo por Norte que en Historia non hai verdades definitivas nin absolutas, trátase, polo contrario, dunha ciencia aberta a rectificacións.

### RESUMEN

*El artículo que sigue es una llamada de atención para una tendencia historiadora que tiende a la uniformidad, tanto en el tema del carlismo como en tantos otros problemas gallegos. El carlismo se ve prácticamente como una prolongación del problema vasco y catalán, cuando realmente, por las circunstancias históricas de Galicia, ha de ser casi radicalmente distinto. De los tres principios que definieron el carlismo –trono, altar y fueros– al pueblo gallego de entonces, pobre y analfabeto, no le interesaba ninguno, pero de tener alguna querencia sería por el altar y el trono, de los fueros no sabía nada. No pretendemos ahondar en la cuestión sino, como decimos, alertar sobre el poco rigor que representa la uniformidad, tanto en el tema del carlismo como en cualquier otro, teniendo por Norte que en Historia no hay verdades definitivas ni absolutas, se trata, por el contrario, de una ciencia abierta a rectificaciones .*

A axitación carlista que acompaña o movemento revolucionario iniciado coa "Gloriosa" en setembro de 1868 desemboca nunha nova guerra frátrida, a terceira, a partir de 1872, se ben nin en Lugo nin en Galicia acada a virulencia que noutras rexións de España porque os galegos non tiñamos ideoloxía, e porque cadrou cunha teimosa campaña gubernamental contra das guerrillas a partir de xaneiro de 1873, que axiña obtén resultados espectaculares. Falar de carlismo no Noroeste nesta época da historia peninsular representa quizais terxiversa-los feitos.

Elo é así, a noso xuizo, porque os galegos, agás algúns nobres, curas e propietarios ricos, non eran carlistas e moito menos á altura de 1872. O que no período revolucionario que comenza no 1868 se chama carlismo non é outra causa que neocatolicismo. Cabe sinalar que non entón, senón moito antes da "Gloriosa", o carlismo estaba a padecer a política dunha serie de infiltrados católicos, da dereita conservadora, que desvirtúa súa propia esencia<sup>1</sup>; agora carlismo e neocatolicismo semellan a mesma cousa que se abanea por idénticos pulos. Os neocatólicos, desprazados do poder pola revolución, únense ós carlistas ós que apoian nas eleccións de 1871 porque representan seus intereses económicos e políticos -altar e trono-, e porque eran unha forza que loitaba contra da revolución. Esto que sosteñen algúns historiadores era certo só a determinados niveis; outros, a loita non era contra da revolución, senón polo triunfo do autonomismo, do federalismo, como ocorria sempre. Ca consolidación de Amadeo I, os neocatólicos retiran seu apoio ó carlismo porque creen seguros seus intereses. Ca República volven a ver comprometidos seus intereses, polo que regresan na busca dos carlistas, aínda que se gaban en decir ca estes nunca acadarían o poder, e no ano 1873, como di Evarist Olcina, consolidan un desesperanzado alzamento que malamente houbera sobrevivido a 1872.

É moi probable que foran os neocatólicos ós que inician unha aproximación ós alfonsinos co gallo de acadar unha fusión dos partidos borbónicos españoles; de feito, recén chegado Alfonso XII, tódalas Xuntas de Asociacións de Católicos (e en Lugo ademais un par de las carlistas), preséntanse nos Gobernos Civís para rendir preitesía ó monarca. É mais, na terra luguesa toda a campaña prebética corre a cargo de neocatólicos, sendo a provincia, de entre as galegas, na que mais proliferou o carlismo. Non obstante, aquela unión era imposible pola postura dos carlistas puros para os que "altar y trono" non eran principios fundamentais, sobre todo o segundo. O esencial era a defensa dos fueros, o autonomismo, con ou sen monarquía<sup>2</sup>, velai porque nun principio non están disconformes ca revolución nin ca república, postura cos alfonsinos, contrarios a ámbolos dous movementos, non comprenden:

"(...) Los carlistas sufren con cierta especie de mansedumbre los azotes de la revolución y hasta se muestran dispuestos a aplaudir cuanto haga el Gobierno para avanzar en el camino revolucionario, con lo único que no transigen, con lo único que riñen o parecen dedicados a reñir descomunal batalla, es con lo que ostensiblemente no da señales de vida, con la monarquía derrocada en septiembre de 1868, con el partido conservador, con el partido alfonsista",

<sup>1</sup> OLCINA, Evarist: "El carlismo y las autonomías regionales". Ed. Seminarios y Ediciones, S.A. Madrid, 1974. Páx. 173

<sup>2</sup> OLCINA, Evarist: "El carlismo y las..." Op. Ct. Paxs, 18 y 19. Ibidem. Páxs. 18 e 19

afirmaba o 10 de maio de 1873 o diario alfonsino lugués “*El Eco de Galicia*”. En realidade, o que había era un xustificado temor diante da posible unión de federais e carlistas. Había un claro temor perfectamente recollido pola prensa, cando menos a de Lugo, pola “fuerza aterradora” que se acadaría ca unión, perfectamente normal, do poder urbano dos federáis e do ruralismo do carlismo, por eso xurde nos xornais conservadores un pulo irreprimible por deixar en ridículo ós carlistas.

O mesmo que ocorrira en Valencia na guerra dos sete anos, onde as carlistadas arrincan dunha motivación social, á que logo se une o relixioso, en Galicia ocorre exactamente o mesmo: o campesino apoia ó carlismo porque neste apoio ve o camiño para unha serie de reivindicacións económicas e sociais (rebaixa-los impuestos, arbitrios, censos, e loitar contra das levas...), por eso, inda que non guste a moitos tratadistas galegos, entre eles a Barreiro Fernández<sup>3</sup>, o labrego non só colabora na loita, senón que o fai en defensa dos que o tiveron secularmente sometido; querían volver a situacións que, aínda sendo moi onerosas, o eran menos que cos liberais, os que ca desamortización entraran a saco no agro subindo os alquileres, rendas e censos; é mais, a nobreza, clero e ricos laicos eran os recipiendarios das necesidades dos labregos e, polo tanto, da vida dos propios labregos, levándoo á loita se eran carlistas e dándolleis liberdade para ir ou non se non o eran. Pero a élite carlista sempre lles predicaría que estarían mellor con eles –o que era certo– que cos novos terratenientes. O labrego que non tiña un amo carlista e que, polo tanto, non estaba obrigado ir á loita, pelexaría por cartos, porque as necesidades económicas e sociais convertíranlo, goste ou non, nun “pesetero”. O galego convertiu ó carlismo na defensa do seu pan, nun medio para non pasar fame, ou pasar menos. En realidade os galegos tiñan tan pouca fe no carlismo coma os neocatólicos, pero en Galicia agardábase que a guerra liberara ó pobo da miseria e mais dos terratenientes, sentimento que debeu actuar quizais por primeira vez coma un cemento solidario. De feito, xa na primeira guerra carlista houbera que recurrir a poñer precio ás cabezas dos xefes e nin así foran denunciados, e o que era máis importante: chegárase á exención de quintas para quen os entregase vivos ou mortos, e mesmo á exención de contribución ata o importe posto á cabeza do líder faccioso, e nin así se acadaran denuncias, o que sinala a solidariedade acadada. É mais, tanto no B.O.P. coma nos xornais, publicanse queixas dos comandantes pola protección que os labregos dispensaban ós facciosos; houbo pobos, coma Portomarín, que entregaban armas ás gavillas para que atacasen ós nacionais acantonados no pobo. As desercións foron masivas, pero os mozos estaban agachados non lexos do domicilio para se incorporar ás tarefas agrícolas cando estas foran más duras, ou ben intégranse nas gavillas de facciosos, e polo día alónxanse das parroquias para participar en accións bélicas, regresando de noite a descansar a súas casas<sup>4</sup>. Tamén nos primeiros momentos as partidas reclutan rapaces só co fin de facer bullo, pero sen ningunha abriga guerreira por parte deles; tratábase de aparentar unha dimensión que non tiñan. Diante desta situación, o capitán xeneral de Galicia, o tristemente célebre Laureano Sanz, dispuxo

“(...) Que los padres, hermanos, tutores, parientes varones irian a trabajos de fortificación y obras públicas, hasta que se presentase el desertor( . . . )”<sup>5</sup>.

<sup>3</sup> BARREIRO FERNÁNDEZ, J.R.: “El carlismo gallego”. Ed. “Pico Sacro”. Santiago, 1976.

<sup>4</sup> Véxase noso libro “Los liberales lucenses (1808-1854)”. Ed. Do Castro, 1981. Páx. 41

<sup>5</sup> RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Luis: “Los liberales lucenses (1808-1854)”. Ed. Do Castro, 1981. Páx. 41.

Como as deserções continuasen, ó mes seguinte modifica o artigo quinto do bando establecendo:

(...) Que los hermanos útiles sustituirán al prófugo. Los padres que carezcan de hijos solteros, pero tengan bienes propios, pagarán de estos la suma necesaria para comprar un hombre que, como sustituto, sirva la plaza del hijo prófugo o desertor. Si no tuviese ni hijos solteros ni bienes serán arrestados dedicándose a la limpeza de La Coruña hasta que se presente o sean muertos sus interesados; a falta del padre se arrestará al pariente o tutor”<sup>6</sup>.

Naturalmente os pais repercuten esta presión sobre as partidas, obligando a que os nenos foran liberados da obriga de ir nas gavillas.

Por outra banda, a partida, como dixemos, era ademáis unha saída para un pobo na miseria, xa que a ela íase cobrar un xornal, a gañar uns cartos que facían falta para sobrevivir. Moitas mulleres, nais ou esposas, votáronse á mendicidade mentres seus homes estaban na loita. As cidades e vilas encheronse destas mendigas que invocaban o abandono para move-la caridade e algunha houbo que non necesitaba pedir, pero súa ambición levouna a facelo amparándose nas “carlistadas”.

“Ayer llamaba la atención de los transeúntes de una calle de la ciudad una pobre mujer, que lloraba amargamente porque su marido se ha marchado a incorporarse a una partida carlista, dejándola sin recursos con que mantener a sus hijos. De otra madre sabemos que está gravemente enferma porque un hijo suyo de 15 años tomó el mismo camino (...)”<sup>7</sup>.

O galego uniuse á guerra da banda do carlismo porque este pagaba sete ou oito reás diarios, e por igual razón dineraria lle volvía as costas; a ideoloxía está ausente da mentalidade dos labregos e soamente pelexan movidos por cregos e ricos dos que eran aparceiros ou lles debían cartos ou favores. Así se explica que en Galicia nunca se puidese formar un exército regular, xa que habería que pagar moitos xornais, non había unha necesidade política que unise ós facciosos, unha ideoloxía, e existía, pola contra, unha verdadeira fobia ás levas. O galego non pelexaba pola defensa dos fueros nin por ningún tipo de reivindicación política, senón contra da opresión económica, convertindo a carlistada nunha alongación das súas históricas liortas sociais e, coma case sempre, renuncia voluntariamente á pelexa cando sinte que non levaba a ningures. Aló onde a vida era máis cómoda, que non máis fácil, coma na zona costeira, case non aparecen facciosos, mesmo os que no 1873 chegan a Ribadeo, ademáis de que foron unha novidade para o pobo, ian camiño de Asturias; non obstante, a axitación neocatólica cara 1869, cando se esperaba que os Tercistas se votasen á rúa, fora grande na ribeira do Eo.

En Lugo o movemento salta á rúa no mes de febreiro de 1873, con dúas faccions: á de Becerreá, mandado por Núñez Saavedra, na que había oito ou nove homes de Nadela, localidade a 6 kilómetros da cidade de Lugo, e a de Guntín, da que se faría cargo o alcalde. A lentitude dos preparativos, a cargo principalmente das Xuntas de Asociacións de Católicos, permite organizarse ás forzas republicanas. As autoridades ademáis coñecen a moitos facciosos por votarse súas mulleras á mendicidade. Horas despois de

---

<sup>6</sup> RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Luis: “Los liberales lucenses (1808-1854)”. Ed. Do Castro, 1981. Páx. 41.

<sup>7</sup> Biblioteca Provincial de Lugo. Sec. “Hemeroteca”. “El Eco de Galicia” do 1 de marzo de 1873.

iniciada a revolta, en Lugo estaban acuartelada-las tropas provinciais de Infantería, que serían incrementadas o 28 de febreiro con tres compañías mais chegadas da Coruña, así coma unha sección de Cabalería do escuadrón de Galicia, o que, xunto ca Garda Civil e mailos Carabineros, permitía o despriegue de columnas de 40 ou 60 homes. Pero realmente ou eran insuficientes ou inútiles porque as partidas seguiron pululando por Lugo, coma pola súa casa, dando a impresión de que ós militares, e mesmo á Garda Civil e ós Carabineros, non lles interesaba acabar cos carlistas porque aquela guerra de guerrillas, non moi cruenta, siñificaba ascensos. O caso é que as partidas, seguindo o exemplo das do Norte e mais Cataluña, queimaban os rexistros civís, probablemente nun tento de evita-la mili, e roubaban as recaudacións que facían as villas, deixando recibo polo importe nun xesto que un pode interpretar como que no caso de que triunfara o carlismo este devolvería os cartos. Con todo, en Lugo a razón non está moi clara, pois mentres a partida de Becerreá quería que se cobrase a contribución e se lle entregase a mitade, á de Guntín esixio do recaudador de Friol que non recaudase “so pena do petróleo aplicado a súa casa”<sup>8</sup> é decir, de queimarlla. É mais, a prensa carlista nacional asegura

“ (...) Que el carlismo no tiene noticias de que existan caudales con destino a los asuntos carlistas de Lugo, pero si efectivamente existiesen, estamos seguros que los depositarios darán en su día cuenta exacta de la distribución de aquéllos, sin eludir la menor responsabilidad, ni aún escondiéndose detrás de un tercero”<sup>9</sup>

Naturalmente que un non pode facer moito caso do que digan os comunicados de prensa, sempre parciais, pero non cabe dúbida de que o carlismo pretendía facer “súa revolución” financiado polo Tesouro Público.

Paralelamente a esta loita legal, axiña xurde outro fenómeno que a desvirtúa, facendo do conflicto un entreverado de causas dispares, que semellan o mesmo, ou que, a lo menos pódese tomar coma o mesmo. Referímonos ós latrofacciosos que en Lugo aparecen ó amparo da carlistada xa moi cedo, o 13 de marzo de 1873:

“En la noche de anteayer cinco ladrones robaron y maltrataron, dejando muy mal parado, al cura párroco de Narla. Los feligreses al tener conocimiento del hecho salieron en su persecución (...) Los capturaron y llevaron a Lugo (...) No hace muchos días que hemos dado cuenta de la aprehensión de otro ladrón de iglesias, cogido también por labradores (...)”

O mesmo día 13 en que se publicaba o sueldo anterior, tamén se informaba que o párroco de Sober fora roubado facía uns días por unha cuadrilla de ladróns, quedando ferido de dous tiros. O que resultaba chocante para os veciños, a lo menos ós de Lemos onde xa non había partidas carlistas, se ben volverían de novo, era que se retirara a forza gubernamental cando aparecían os ladróns moito mais peligrosos que os carlistas. Velaí por qué “El Eco de Galicia”, xornal alfonsino, saca un artigo do seu correspondal en Monforte moi interesante na súa última parte, e con pleno valor hoxe mesmo porque a nosa historia, a parte de non se concretar nunca, é decir, a parte de non culminar nunca os procesos, discurre moi lenta, tanto que un ten a impresión de que sempre estamos no mesmo estadio:

<sup>8</sup> Biblioteca Provincial de Lugo. Sec. “Hemeroteca”. “El Eco de Galicia” do 1 de marzo de 1873.

<sup>9</sup> Biblioteca Provincial de Lugo. Sec. “Hemeroteca”. “El Eco de Galicia” do 13 de marzo de 1873.

“Terminadas por esta parte de la provincia (Monforte) las partidas carlistas pululan ahora muchas gabillas de ladrones con la más dolorosa impunidad, pues lejos de prenderse a los que andan sueltos, se dejan escapar los presos como sucedió en Quiroga (...) Hace pocos días unos 10 hombres bien armados robaron, a la caída de la tarde, la casa llamada de Mazaira, en la parroquia de Tuimil, distrito de Bóveda, atormentando cruelmente al dueño para que entregase dinero (...), de ropas y carne parece que dejaron barrida la casa (...) Se supone que los ladrones del cura de Narla fueron puestos en libertad en función de que no había pruebas”<sup>10</sup>.

O artigo está escrito con indudable ironía, pois o xornal esencialmente conservador non pode entender –e así haino que ler entre liñas– que uns ladróns capturados polos labregos e entregados ás autoridades, ó xuiz, estas consideren que non había probas da súa culpabilidade. Non sabemos se as había ou non porque o xornal non no lo dí, non no las amosa, e o feito de ser capturados nun praderio fora do pobo non era motivo suficiente para que o xuiz decretara súa prisión, se non se aportaban probas mais contundentes. A República estaba na onda na que camiñamos hoxe en día; tratábase dun notable adianto que aquelas mentes totalitarias toman coma un atentado contra da liberdade das persoas. Velaí por qué cando se ordea tasa-las iglesias coma un paso mais para acabar co carlismo, os conservadores alfonsinos e non poucos neocatólicos afirmaran que era un mal paso porque contribuía a que a paisanaxe, católica e respetuosa cos templos, levantase novas partidas; claro que tamén era un mal paso se a tasación se decretara por motivos estadísticos ou cando menos unha imprudencia porque “na tasación o pobo ia ser tan exacto coma sempre que contestara a enquistas da Administración”. Que sempre mentira era certo –índia hoxe o é–, pero a tasación, unida ós balbores dunha conspiración alfonsina en Lugo, leva a “El Eco de Galicia” do 17 de xullo de 1873 a comentar un artigo publicado na prensa carlista nacional, que descoñecemos, pero moi suxerente do ámbito no que había de moverse a recén estreada república e os recén estreados dereitos humanos “ilegislables, inalienables, anteriores y superiores”:

“(...) Para emplear, en lo que a la prensa se refiere, la amplia autorización concedida por las Cortes al señor Pi y Margall, parece que no se le ocurrió cosa mejor que la aplicación del sistema establecido en Francia durante el imperio, modificándolo en sentido más restrictivo; tres advertencias y la suspensión del periódico. Si los carlistas alcanzases el triunfo y prohibiesen en redondo la publicación de otros diarios que la *Gaceta* y *El Mercurio* nadie podría llamarle a engaño. De sus contrapuestas declaraciones de principios no se deduce que dejarían de llevar la reacción hasta ese extremo. Si con la restauración volviesen las leyes porque se rigió la imprenta durante muchos años, estaríamos en nuestro perfecto derecho, aplicando con más o menos latitud el sistema preventivo y el represivo a la vez, no coartando la libertad de escribir sino el abuso; pero los federales que vienen proclamando la libertad absoluta e ilimitada de la prensa elevándola a institución social; que han colocado el derecho de la libre emisión del pensamiento entre los ilegislables, inalienables, anteriores y superiores; que han negado hasta la penalidad para el exceso, afirmando que la personalidad humana tiene derecho al mal, ¿cuál es el que ahora invocan para dar de mano á

<sup>10</sup> Biblioteca Provincial de Lugo. Sec. “Hemeroteca”. “El Eco de Galicia” do 29 de marzo de 1873.

esos compromisos y declaraciones y dictar medidas tan contrarias a las garantías de que gozan los ciudadanos de los pueblos libres, que parecerían despóticas en un ukase del czar de todas las Rusias ó en un firman de cualquier gran Señor de Oriente?. Que existe una guerra civil, que peligra la libertad y que en tan difíciles momentos su salvación es la suprema ley. ¿Pues no habeis declarado santo el derecho de insurrección?. ¿No habeis contribuido a hacer una Constitución en que por todos los medios se procuró crear privilegios a favor de los conspiradores y rebeldes, entregándoles la sociedad atada de pies y manos para que fuese víctima de sus excesos?. Ahora decís que la insurrección no es lícita cuando se goza de todas las libertades y están abiertas de par en par las vías legales, por las que todos los partidos pueden aspirar al triunfo. ¡Las vías legales! ¡El sufragio universal! Y nadie ignora que en cada una de esas vías hay una barricada que sólo los afiliados pueden saltar sin peligro y la mayoría de los electores cuida de no acercarse a las puertas de los colegios electorales, porque la experiencia le ha demostrado a lo que se exponen las mayorías pacíficas ante las minorías turbulentas y armadas, cuyos desmanes quedan impunes (...) Sed francos y decid que la insurrección es santa solamente cuando vosotros sois los insurrectos, que eso mismo dicen los carlistas; confesad que con los principios que habeis proclamado se puede conspirar y subir, pero no se puede permanecer y gobernar ( ... )

Batidalas faccions, a calma parece chegar a Lugo, mais, como decimos, non foi así, xa que xurden os latrofacciosos obrigando a que a Garda Civil volte a seus lugares de residencia e as tropas a seus acuartelamentos, o que permite que as partidas, singularmente á do Ostendi, se reorganicen. O gobernador civil, Alejandro Qureizaeta, toma conciencia deste feito cando recibe un fato de informes

“Acerca de que muchos señores párrocos hacen del púlpito tribuna política y del templo un club (...)"

En vez de organizar un dispositivo militar que impide a reorganización, dirixe unha serie de chamadas ós alcaldes, co que a situación non se arranca, pois os párrocos non só caloñan ó Goberno, senón que

“Predican la guerra y reclutan gente para prenderla en la provincia”.

O gobernador resta importancia ó feito lugués, porque lle conviña; xa que logo cando ten que aplica-la lei de xullo de 1873, sostén o contrario. Con todo non pode evitar reconñecer que a nivel nacional

“(...) Es verdad que el Gobierno tiene dificultades. Los enemigos de la República son una agrupación de políticos doctrinarios, desacreditados todos (...) ¿Qué principios invocan? Los unos, falsos sacerdotes de un Dios de paz, insultan a la humanidad y a la civilización con sus crímenes feroces llevando el Cristo en una mano y el trabuco en la otra (...)"

Prohibe o uso de armas e quedan sin autorización os permisos, pero as tropas seguen acantonadas, o que permite que ás tres da madrugada do 9 de xuño, Ostendi entre

<sup>11</sup> Archivo da Diputación Provincial de Lugo. Sec. B.O.P. N° 68 de 7 de xuño de 1873

tranquilamente en Monforte e roube 8.000 reás que gardaba o recaudador. Ó frente dunha columna, o gobernador civil vaise a Monforte, pero, claro, chega tarde. Cando volta á capital para organiza-la loita, unha partida entra en Castroverde e apodérase de 1.000 reás, outras dúas fan o mesmo en Fonsagrada e Navia de Suarna, levando tabaco, sellos e papel sellado; o 16 de xuño outra entra en Becerreá e se leva 20.000 reas... Este recrudecemento da loita tiña neste momento un aspecto moi negativo: impulsa á insurrección canso o pobo de soportar unhas contribucións cas que non podía, insurrección que as autoridades apoñeron ós carlistas mentras lles foi posible, tal ocurriu en Bande, onde uns 2.000 ourensáns de varias parroquias de levantan contra do Goberno negándose a paga-la contribución de arbitrios, aproveitando a tasación das igresias e as casas rectorais. Unha columna do reximento de Murcia, que andaba por aquel entón en operacións, tivo un choque cos insurrectos, causándolles catro mortos. Estas noticias, que circularan por Lugo coma un balbor, teñen confirmación por unha nota do capitán xeneral publicada nos xornais da Coruña o día 15, na que se afirmaba que

“El levantamiento carlista, que tan imponente estalló en la provincia de Orense el 13 del actual, se halla sofocado casi por completo y sus principales instigadores sometidos al fallo del tribunal que los juzga”<sup>12</sup>.

Os amotinados —que non carlistas, índa que houbese algúns— queimaran o arquivo do Concello, apaleado o rexistrador e roubado dez ou doce mil reás ó recaudador de contribucións. En Xinzo, na tarde do 14, tiveron lugar sucesos análogos ós de Bande, co resultado de nove mortos<sup>13</sup>. Diante do cariz que tomaba a insurrección, o batallón do reximento de Cuenca que saíra de Lugo foi desviado cara Ourense e a forza de guarnición na cidade do Sacramento trasládase tamén á das Burgas, o que unido ó acantonamento da Garda Civil e dos Carabineros, favorece a nova campaña do Ostendi. A plana maior do reximento de Murcia sae da Coruña para se unir ó resto da forza que estaba en Ourense.

En Lugo non se teñen noticias oficiais destes feitos ata o 21, data na que “El Eco de Galicia” publica a información do Boletín Oficial de Ourense do 17 e unha carta que lle foi remitida xunto co Boletín. Por ela sábese que a correspondencia chegada de Bande a Ourense fala de cincuenta mortos e de once en Xinzo, e ademáis que

“En las masas batidas figuran lo mismo los hombres útiles como los ancianos, niños y mujeres, distinguiéndose estas por su ardor religioso. Van armados con palos, hoces, horquitas y demás instrumentos de labranza, siendo contadas las armas de fuego. En los demás puntos de la provincia presentaron los vecindarios la misma oposición a la tasa e inventario de las iglesias, que hasta ahora no tuvo lugar y si se hizo en alguna parte fue clandestinamente. Los peritos que lo intentaron y aún otras personas extrañas que por ser desconocidas en las localidades fueron tomadas por tales, corrieron graves peligros. Los ancianos encuentran muy semejante la actitud en que se encuentran los pueblos estos días con la que ofrecían cuando la invasión francesa a principios de este siglo (...).”

<sup>12</sup> “El Eco de Galicia” do 19 de xuno de 1873 recolle a nota do capitán xeneral

<sup>13</sup> Tres anos antes extendérانse estes conflictos por Lugo por se nega-lo pobo a paga-lo imposto persoal, con especial virulencia na cidade de Lugo, en Cervo e, sobre todo, en Quiroga, onde a Garda Civil fixo tres mortos e moitos feridos.

No Boletín Oficial o gobernador xustificaba a reclamación de “certos datos estadísticos relativos a las iglesias y casas rectorales, ya pedidas en anteriores situaciones políticas”, para afirmar que esto servira de pretexto

“para explotar con péridas sugestiones la ignorancia y los sentimientos religiosos de los campesinos. Turbas fanatizadas y numerosas invaden varios Ayuntamientos de los partidos de Ginzo y Bande, las casas consistoriales, los juzgados municipales, las recaudaciones de impuestos y las cárceles, queman toda clase de documentación, sin exceptuar los registros civil y de la propiedad, que garantizan derechos tan sagrados, se apoderan de los fondos públicos, dan libertad a los presos por delitos comunes y amenazan y maltratan a varias autoridades locales”.

Pola súa banda, o teniente coronel, comandante militar interino da provincia de Ourense, José López y Villanueva, dí no parte publicado no Boletín:

“Participo a V. (gobernador civil de Ourense) victoria completa: en cuatro horas de fuego batió la escasa fuerza a mis órdenes, más de 2.000 insurrectos que, perfectamente organizados han tenido el atrevimiento de sitiarme en el corto descanso dado en esta villa (Bande), según le participé en el oficio de las doce de la mañana de hoy por propio. A las dos de la tarde avisté al enemigo en las alturas, retándome al combate en todas y especialmente en las del monte de Sordos, donde con pasmosa serenidad desplegaron sus guerrillas; convenía al instante un plan de ataque y salió la guerrilla avanzada compuesta de 20 hombres a las órdenes de mi secretario, intimándoles la rendición a distancia de 50 pasos: en el mismo instante rompió el enemigo un nutrido fuego sobre esta fuerza, la que reforzada por un oficial con 20 hombres de la 5<sup>a</sup> compañía, regimiento de Murcia que la apollaba contestó energicamente al enemigo; generalizado el ataque en una extensa línea y colocado yo a la izquierda de Sordos, avancé con la 6<sup>a</sup> compañía de Murcia y caballería a las colinas inundadas de insurrectos que intentaron envolver la guerrilla avanzada, cargando a la bayoneta sobre ellos, en cuyo momento empezaron aquellos su retirada con una desesperada fuga, continuando el fuego en su persecución durante cuatro horas por un terreno quebrado e intransitable a distancia de una légua, viéndome obligado a replegar mi tropa para poder con día retirarme a esta villa. El enemigo tiene 20 muertos visibles, 2 heridos graves y 41 prisioneros con algunas armas y municiones. Por nuestra parte solo tenemos que lamentar dos heridos, uno grave, y cuatro contusos. ESTÁN LLEGANDO AVISOS DE GRAN NUMERO DE HERIDOS Y MUERTOS: mañana reconoceré el terreno y daré a V. parte detallada de esta acción, pues necesito tomar descanso: acabo de llegar y son las ocho y media de la noche. Encierro en la cárcel los 43 prisioneros y se están curando los heridos; regresan autoridades fugitivas en vista del éxito alcanzado (...).

A masacre ourensana, pois eso debeu se-la batalla do monte Sordos, dado que as “turbas fanatizadas” eran vellos, nenos e mulleres, así coma homes armados de paos, fouciños i horquillas e “muy pocas armas de fuego”, servía de lección para os descontentos das outras tres provincias, pois en todas, como no pobo ourensano de Póboa de Sanabria, pouco despois do de Bande, a protesta limitouse a manifestacións pacíficas, con algún que outro lesionado.

Xa dixemos que as forzas gubernamentais non tiñan moito interés en bate-las partidas porque eran unha fonte de ascensos, pero ademáis porque os carlistas mudaran de táctica e mais estratexia cando se recuperan da primeira enxertada das tropas: mentres ó primeiro recorrían Lugo –e parece ser que tamén tódalas provincias– en grupo, con acampadas nos montes, agora utilizaban a vella táctica da guerra dos sete anos (1833-1839) que consistía en xuntárense nun punto determinado para ir facea-la “recolección” e logo disolveuse, voltando a súas casas ata nova orde, polo que as columnas non dabán con eles. Os facciosos non levaban outro distintivo que a gorra e seu cotián sombreiro pendurado do cinto; deste xeito, se avistaban *unha columna, ou eran avisados* da súa proximidade agachaban a gorra e maila arma, poñían o sombreiro e quedaban convertidos nun pacífico labrego. Do pobo non tiñan nada que temer, xa que a costa de moitas privacións e de moita prudencia, servindo intereses populares –rescate de contribucións e queima de rexistros civís, entre outros– acadaran que o pobo se esquecera dos desmanes que cometean durante a primeira guerra carlista e que aquel non manifestara interés algúin en perseguiolos; é mais, segundo “El Eco de Galicia”, en case tódolos pobos era mellor recibida unha partida que unha columna. Só cando a carlistada tocaba a seu fin moita xente denunciou ós carlistas por cartos. Pero antes de que esto ocurra, as couzas índá se fan compraricar máis ca revolta dos Franco-Galaicos de Ourense que, por unha banda provocan disensións no seo das partidas, e por outra comprícalla a actividade ás tropas e más ó pobo, singularmente ó de Monforte e ó de Lugo capital, que por medo pechouse dentro da muralla.

Así as cousas, o Goberno, diante da imposibilidade de soste-la guerra por falta de medios –naturalmente a que se localizaba en Cataluña e País Vasco porque a galega era de guerrillas e pouco relevante–, ou canso de loitar contra do carlismo con cartos do seu presuposto cando en realidade a loita non afectaba coma tal a toda España, e subsistía polo apoio que os carlistas recibían de seus propios veciños, tratábase, xa que logo, dun conflicto veciñal, descarga a responsabilidade da rematar sobre as provincias que tivesen carlistas, ás que autoriza impoñé-las contribucións que xuzgasen necesarias para os gastos de guerra, absurda decisión moi propia do noso século XIX, que atentaba xa entón contra o mais sinxelo concepto de Nación e mais de Estado.

Alejandro Quereizaeta convoca á Diputación lucense para discutir este tema. A sesión (9 de agosto) iníciase co recoñecemento do gobernador civil de que a insurrección carlista non era moi grande na provincia,

“pero sí sus consecuencias, ya que en 4 ó 5 meses se apoderaron de 10.000 pesos estancados y 20.000 en metálico. Si la suma no es grande sufre el país porque ha de volver a pagarla por medio de una contribución extraordinaria”<sup>14</sup>

Os deputados, que non tiñan fervor republicano e que non vián a necesidade de imponer contribucións especiais, fan ver ó gobernador que a Deputación non podía toma-lo acorde sen que unha comisión estudiase antes o tema, o que alongaría o proceso que a autoridade provincial desexaba inmediato. Como Quereizaeta non debía ter moito coñecemento da práctica administrativa, cré que lle están tomindo o pelo, polo que replica de inmediato

<sup>14</sup> O volver a paga-las contribucións roubadas ou sustraídas foi unha práctica moi común ó longo do século XIX, singularmente durante as liortas carlistas.

"Que si está en el ánimo de los diputados suprimir la contribución se diga con franqueza y sin diplomacia".

Naturalmente ningúén responde, só o fai Pedro Pozzi para opinar que non había que dar importancia á revolta carlista na provincia, xa que "los reaccionarios no llegarán nunca al poder". Zanjado así o asunto noméase a comisión e resultan electos López Losada, Pozzi, Juan Paradela, Camba e Varela Piñeiro, o que se negaría a firma-lo informe, pón-dose da parte do gobernador. Ó día seguinte (10 de agosto) lése o dictame. Nel, tras declarar que todos son patriotas que aman a liberdade e as institucións, "a las que prestaron servicio", afirman que ningúén dixo nada na Asamblea Constituyente sobre que a lei fora dictada contra un partido determinado

"(...) El articulo primero autoriza a las Diputaciones, en cuyo territorio haya partidas carlistas a imponer contribuciones con destino a las necesidades que ocasionen la lucha que sostienen (...) Procurando que recaigan en especial sobre los carlistas que de cualquier manera la patrocinan o a ella coadyuven (...). Nótese que no es al partido a quien se impone la sanción, sino al país y dentro de ese país, recargándoles a los carlistas patrocinadores de la rebelión (...). Lugo no está preparada para sobrellevar una nueva contribución (...) Consta a todos los señores diputados que los Ayuntamientos adeudan a la Caja de la Provincia sumas de consideración, que se elevan a 40.000 pesetas aproximadamente (...). algunos Ayuntamientos no han satisfecho ni un solo céntimo del contingente conque debieron contribuir a la provincia desde el año de 1868 inclusive (...). Es necesario apreciar si la rebelión carlista dentro de su territorio es o no tan considerable que se haga preciso un sacrificio superior a las fuerzas contributivas del país. Pues bien, datos oficiales muy recientes quitan a las partidas carlistas de esta provincia toda importancia (...). En efecto, la facción de Saavedra, fuerte de 200 hombres, ha sido batida y dispersada por 30 carabineros en las inmediaciones de Castroverde, haciéndoles dos heridos y un prisionero, cogiéndole tres caballos y recuperando el tabaco que habían sustraído, y como también fue batida la de Ostendi, las dos de alguna significación que habla en la provincia están dispersas (...)"

Pasa logo a decir que cas forzas existentes na provincia –reximento de Murcia, Carabineros e Garda Civil– abondaba, "sobre todo cuando 30 pueden con 200". Menta que a decisión sobre da contribución fora tomada a indicacións dunha efímera xunta de goberno que funcionara en Barcelona, onde a guerra tomara proporcións desoladoras.

"Pero lo que es bueno allá puede ser malo aquí (...)"

conclusión que se tiraba do espírito federalista que, segundo o dictame, consistía en que cada país se gobernaría e administraría con arreglo os seus costumes, tradicións, recursos, etc.

"Por el aislamiento en que vive la población rural, votando esa exacción, señores diputados, es posible que voteis la ruina de infinidad de familias. La ley de represalias se dejaría sentir demasiado pronto. Lo menos que pueden exigirnos es que ya que no les prestamos garantías de mayor eficacia (refírese a seguridad) no les atraigamos enemistades ensanchando distancias y haciendo víctimas inocentes de esas represalias de que ha dejado tan triste ejemplo la guerra civil de los siete años."

Finalmente pide que non se recoñeza a necesidade de aplicar-la lei de 24 de xullo de 1873 e que, chegado o caso de que a situación fose crítica, se faculte á comisión para convocar ós diputados e acordar entón o necesario.

No debate que seguiu á exposición, os deputados firmantes do informe tiveron que demostra-la súa fe liberal, singularmente Camba, obrigado a recordarlle a seus compañeiros que no 1846 fora condeado a morte por un consello de guerra. Estevez, promotor da interpelación en contra do dictame, pediuulle á comisión que o retirase, teimando en que se impuñesen as contribucións porque se os carlistas eran poucos, súas fechorias eran moitas. Paradela intervén para decirle a este diputado que a de Lugo era unha provincia sen carreteras, sen pontes, que adeudaba moito; “si en estas circunstancias se imponen exacciones, qué pasaría con las provincias donde la guerra era importante”. Sinala que se os carlistas saíran das súas guardas era porque as tropas tiveran que saír para bater ós federais insurreccionados, ó que contesta o gobernador que os Galaicos non eran tropas federais, senón irregulares e mercenarios ó servicio da República e desde que se insurrecccionaran estaban na categoría de bandidos.

A proposta foi aprobada por 17 votos a favor e 6 en contra, polo que Lugo non impón a contribución extraordinaria. Efectivamente, tiñan razón os deputados: o carlismo non era relevante na provincia e estaba representado polas Asociacións de Católicos<sup>15</sup>. O pobo achegárase a el, como xa temos dito, por comenencia non exenta de servilismo, e por cartos. O 29 de febreiro de 1876 anunciase que Don Carlos marchara para Francia. A guerra rematara. Un ano despois, (xaneiro de 1877), faise un balance oficial dos destierros e mais embargos producidos entre os carlistas, que se publica no B.O.P., do que se deduce que a provincia de Lugo fora, das galegas, na que mais proliferara o carlismo<sup>16</sup>.

A terminación da guerra foi acollida en Lugo co mesmo entusiasmo que no resto das provincias españolas, como é natural, e non só houbo demostracións de pública ledicia, senón especialmente actos piadosos e benéficos; repartiuuse unha peseta a cada un dos soldados das armas e mais institutos de guarnición na praza, seis reás ós cabos e oito ós sargentos. Tamén ós presos pobres entregouselles unha peseta a cada un. O segundo día de festa (domingo, 5 de marzo) sorteáronse cen lotes de corenta reás cada un entre os pobres vergonzantes. Con todo, o que mais desexaban os lugueses era a volta dos batallóns dos provinciais de Lugo e Mondoñedo, que fixeran toda a campaña do Norte. O once ou o catorce –a data non está moi clara– foron recibidos en Lugo en olor de multitud, con repique de compás, música e voladores, pasando baixo un arco colocado onde a rúa do Progreso –así se rebautizara a rúa da Raíña a partir do 16 de novembro de 1868– desembocaba na Praza. Os mindonienses destacaran unha comisión a Lugo para recibir seu provincial integrada polos señores Vázquez Seijo, Martínez Caballero e Martínez y Rodríguez, ós que se enteran na cidade do Sacramento que seu batallón non seguiría ata Mondoñedo, quedaría en Lugo. Disgustados por esta medida, os representantes mindonienses, co apoio do gobernador civil e dos señores Vicente Rivas Vázquez e mais Isaac Gutiérrez, escriben ó capitán xeneral e mais ó ministro da Guerra para que deixaran en suspendo esta medida. O 18 de abril entéranse que se trataba dunha orde do capitán xeneral, allea ó encargado da carteira de Guerra, polo que premen sobre da autoridade

<sup>15</sup> Ver apéndice número un

<sup>16</sup> Ver apéndice numero dous

coruñesa, se ben inutilmente. A razón para esta medida estaba en que non había cartos para traslada-lo almacén da tropa –pertrechos e mais viveres– a Mondoñedo. Sabido esto, os mindonienses fánse cargo dos gastos e o 4 de maio o capitán xeneral accede ó traslado. O batallón foi recibido polo Concello e mais polos veciños no Campo dos Remedios<sup>17</sup>.

Como sempre que había algunha celebración, tamén neste caso distribuíronse entre o pobo uns folletos que recollían a ledicia popular aproveitando a vena poética tan característica dos homes do XIX:

¡Salud! Invictos hijos de Galicia,  
Que en aras de la patria vuestra sangre  
Venís de derramar,  
Y en sostenida guerra, con bravura,  
Contra el más negro y fiero absolutismo  
Acabais de luchar.  
¡Salud! Porque la paz apetecida  
Por los que a España quieren libre y grande  
Es hoy una verdad;  
Pues derrotasteis, con valor y brio,  
En sus mismas guaridas al carlismo  
Y su ciega impiedad.  
¡Yo os saludo, valientes! Quiera el cielo  
Que brille eternamente para todos  
La estrella de la paz.  
Y que los españoles confundidos  
En una misma idea solo luchen  
Por ¡PATRIA Y LIBERTAD!

Non só se publican poemas anónimos de poetas vergonzantes, senón varios devates entón moi coñecidos, coma o firmado A.J.P. (Aureliano J. Pereira):

Salud a los nobles hijos  
de Galicia infortunada,  
que hoy a su patria adorada  
contentos pueden volver.  
¡Madres y hermanas! Dad tregua  
al pesar que os consumía  
y truéquese en alegría  
lo que congoja fue ayer.  
Hoy los gallegos soldados  
vuelven á sus patrios lares  
y traen a sus hogares

<sup>17</sup> Archivo Municipal de Mondoñedo. Act. Capi. Ses. 4 de maio do 1876.

la ansiada tranquilidad.  
Mirad su moreno rostro  
cuanta ternura denota  
y como acude una gota  
de llanto a bañar su faz.  
Oh! bienvenidos, hermanos,  
hijos del gallego suelo,  
ya os encontráis bajo el cielo  
que vuestra infancia alumbró.  
Lugo os saluda anhelante  
de placer entusiasmado  
y alegre bendice el hado  
que á vuestra patria os tornó.

Ou este soneto, firmado por S.R.:

Ayer os vi partir con faz serena  
Sin que el labio exalara ni un gemido,  
Y dejar vuestro hogar de amores nido  
Por el bélico ardor, casi sin pena.  
Hoy volveis a ese hogar donde resuena  
Canto de paz, y á vuestra sien céfido  
Veo el laurel que al hijo esclarecido  
Le da la Patria cariñosa y buena.  
Si corrió vuestra sangre generosa  
Por libertar a la querida España  
De una lucha entre hermanos horrorosa,  
Hoy que cesó la fraticida saña  
Vuestra voz exclarar puede orgullosa:  
“Su noble gratitud nos acompaña”.

Ou finalmente

Venid valientes guerreros,  
Que con arrojo y bravura  
Alzasteis a gran altura  
La enseña de libertad;  
La patria amante os espera  
Cantando vuestra victoria,  
Que os llevaron a la gloria  
El valor y la lealtad.  
Volved al tranquilo suelo  
Donde rodó vuestra cuna,  
Hoy que ceñís por fortuna  
A vuestra sien un laurel;  
Pues á la agitada lucha  
Sucede la ansiada calma,

Recoged dentro del alma,  
Del amor la ovación fiel.  
Tornad al hogar ameno  
Donde aún resuena querido,  
Aquel ADIOS dolorido  
Que dejasteis al partir.  
Hoy de placeres es el llanto,  
Legítimo el alborozo,  
Que el corazón en su gozo  
Quiere del pecho salir.  
Mas si es pobre toda ofrenda  
Para el sufrido soldado  
Que con orgullo es llamado  
Joya del pueblo español.  
Aún hay algo que no muere,  
Una flor que nunca acaba...  
Y es la que la historia graba  
Con eternal arrebol.

## APÉNDICE NÚMERO UN

Proclamado Alfonso de Borbón rei de España, as Xuntas Católicas Galegas (neocatólicos) cesan nas súas actividades e vánse presentando diante do gobernador civil, sendo entón cando temos unha relación, senón completa, sí fiable dos líderes da carlistada ou proclives a ela. A relación, publicada no B.O.P., segundo se producían as presentacións, é a seguinte, ordeada por Xuntas:

- **Doce de xullo de 1875.** Juan José María Salvatierra e Rosendo Mon, carlistas de Lourenzá, a onde pertencían, así coma:
- Xunta de Sarria: Vicente López, Lorenzo González, Manuel Benito González, Manuel Ferreiro, Juan Penela e Antonio Sobrado y Varela. Todos formaban parte na súa zoa da **Xunta carlista**.
- **Catorce de xullo.**
- Xunta de Sarria: Antonio María Pardo Arroyo
- “ “ Paradela: Santiago Somoza y García, José Candaya Gutiérrez, Vicente Rodríguez.
- Xunta de Taboada: José Besteiro Rey, José Vázquez Gay.
- Xunta de Valle de Oro: Zoilo Cora (formara parte da Xunta Mondoñedo).
- Xunta de Rábade: Ramón Losada Montenegro (hasta 1872 formara parte da Xunta de Lugo).
- “ “ Lugo: Federico de la Peña Ibáñez (catedrático del Instituto)
- “ “ Mondoñedo: Alejo Barja, que residía en Cospeteo
- **Dazaséis de xullo.**
- Xunta de Corgo: Manuel Fernández, José López e Juan Castedo.
- Xunta de Lourenzá: Vicente Lente, Ramón Villapol e Ramón Estúa.
- **Dazasete de xullo.**
- Xunta de Bóveda: Agustín María Saco, marqués viudo de Villaverde de Limia, veciño de Ver, o que exercera cargos na Xunta e a presidencia da Asociación de Católicos. Na súa casa celebrábanse reunións políticas.
- Xunta de Monforte: Juan Enríquez, Juan Cadorniga, de San Salvador de Moreda, e Juan Baamonde y Salgado.
- “ “ Corgo: Manuel Garro, de San Vicente de los Costillones (Pantón).
- “ “ Pantón: Jesús González, de San Esteban de Eirijalba (Incio).
- “ “ Otero de Rey: Antonio González Díaz, de Francos, e José Gayoso Rodríguez, de Martul.
- “ “ Paradela: Francisco López, de Rosende, e Pedro Rodríguez.
- **Dazanove de xullo.**
- Xunta de Portomarín: Manuel López Fernández, Antonio Rodríguez, Manuel Rodríguez Castro, Manuel Torres e Antonio Rodríguez Rivera.
- “ “ Mondoñedo: Antonio Miranda.
- “ “ Guntín: Gumersindo López e Ramón Freire (os dous de Madrid).
- “ “ Paradela: Manuel María Rodríguez.
- Xunta de Monforte: José Rodríguez Arias e Manuel Losada, de Fiolleda

- “ “ Chantada: Enrique González, de San Cristobal de Fórneas e Francisco García Carbajal, de Muradelle.
  
- **Vinte de xullo.**
- Xunta de Chantada: Ignacio Cortés Pimentel, Luis Araújo e Manuel Lage y Saco.
- “ “ Monforte: Ignacio Feijóo, Ramón Taboada y Losada, Cayetano Barreiro y López, Ántonio Somoza Saco e Manuel Valcárcel.
- “ “ Paradela: Francisco Varela.
- “ “ Monterroso: José Méndez, José VilaVázquez, Alejo Martínez Celestino Vázquez.
  
- **Vinteún de xullo.**
- Xunta de Corgo: Angel Fernández e Angel González Gutián.
- Xunta de Palas de Rei: Pedro Vázquez, Manuel García, José de Brau, Francisco Pardo e Manuel Pardo.
- “ “ Castroverde: José Pérez Yebra, José Arias Pocina e Andrés Pereira.
- “ “ Lugo: Froilán Gayoso e Ramón Arias Doncos.
- “ “ Mondoñedo: Ramón Miranda Luaces.
- “ “ Guntín: Juan Armesto.
  
- **Vintecinco de xullo.**
- Xunta de Castroverde: Manuel VarelaTorres
  
- **Vinteséis de xullo.**
- Xunta de Outeiro de Rei: Antonio Campo.
  
- **Vintesete de xullo.**
- Xunta de Sarria: Gabriel Díaz e Julián Rodriguez.
- “ “ Pastoriza: Manuel Neira (afirma que non era carlista, pero por animosidade cara súa persoa por certos homes do seu distrito viña considerándoselle coma carlista, únicamente para perseguiilo).
  
- Cómpre sinalar que o día 14 de xullo tamén xuraran Siro Montenegro y López, da Xunta de Lugo, que o fixera en Pontevedra porque accidentalmente residía en Vigo, e o 21 Manuel Soto Freire, de Pantón, que xurou en Ourense.

## APÉNDICE NUMERO DOUS

	Destierros			Embargos acordados			Embargos realizados		
	1874	1875	Total	1874	1875	Total	1874	1875	Total
Coruña	6	21	27	8	21	29	17	—	17
Lugo	2	251	253	1	251	252	22	—	22
Ourense	22	45	67	25	45	70	3	—	3 <sup>(1)</sup>
Pontevedra	6	—	6	5	—	5	3	—	3 <sup>(2)</sup>

(1).- Logo foron alzados

(2).- Logo foron alzados

	Producto líquido obtenido de bienes embargados <sup>(1)</sup>			
	1874	1875	1876	Total (pesetas)
Coruña		357	357	
Lugo	1.000	1.638	2.638	

(1).- O producto nacional líquido foi de 563.328,68 pesetas.